

TÓDOLOS CONSELLOS PARROQUIAIS DE REDONDELA DEBERÁN PERMITIR O ACCESO AO PÚBLICO ASISTENTE



Así vén de comprobalo AER tras estudar o informe que a Secretaría do Concello de Redondela acaba de emitir. Contundente, a conclusión é ben clara e totalmente na liña do que tanto AER como diversos colectivos veciñais viñan avisando: “as sesións do pleno dos Consellos Municipais Parroquiais deben ser públicas” e polo tanto, non se pode expulsar nin pechar a porta á veciñanza que desexa asistir como oínte, iso si, sen voz nin voto.

O Regulamento de Consellos Parroquiais xa indica que este órgano ten como fin “*o asesoramento, o coñecemento, a proposición, e a colaboración en todas aquelas materias, sexan actividades ou servicios, que instadas pola Administración Municipal ou outros entes ou organismos de carácter local incidan no seu ámbito territorial facilitando con elo a participación veciñal*”. Do mesmo xeito a Constitución Española establece o dereito de participación política e non política, e o dereito de información.

Nesta liña, AER xa presentara unha pregunta no pleno de xullo de 2017 acerca da actitude atrevida do presidente do consello parroquial de Chapela e actual Concelleiro de Medio Ambiente ao impedir a entrada de veciñanza de Chapela no pleno do Consello Parroquial. AER denunciou que o goberno local actuara de xeito prepotente ao impedir neste e noutros consellos a entrada de público sen base xurídica contrastada, sendo aínda máis grave a cuestión, xa que tanto AER como outras entidades levaba tempo insistindo que non había base xurídica que amparase a celebración de consellos a porta pechada.

Do mesmo xeito, AER espera que dunha vez por todas se presente xa a proposta de novo regulamento de Consellos Municipais Parroquiais, tal como prometera o Sr. Álvarez Ballesteros nese mesmo pleno de xullo de 2017, e se recolla de forma expresa a conclusión do informe de Secretaría. Dende aquela o goberno local do Partido Popular só fixo dar largas ao novo regulamento como se tivesen medo a unha maior transparencia e participación no seo destes foros veciñais.

Por último, a Agrupación de Electores de Redondela demanda do goberno local de Redondela valentía e altura de miras para pedir desculpas pola súa mala praxe nestes Consellos Parroquiais onde prohibiron a entrada da veciñanza. O Partido Popular de Redondela ten responsabilidades de goberno que debe asumir, e en casos de excesos coma os acontecidos nestes consellos, mesmo asumindo responsabilidades políticas por parte do Alcalde e os Concelleiros que se extralimitaron nas súas funcións.

Redondela, 13 de abril de 2018